

# Todas as parroquias de Boqueixón estarán rozadas no mes de agosto

O Concello reforzou este ano a campaña de roza, na que traballaron 6 tractores-rozadores

O Concello de Boqueixón reforzou este ano a campaña de roza de pistas municipais, espazos naturais e contornas dos elementos culturais e patrimoniais do noso municipio. Durante as últimas semanas, seis tractores-rozadores estiveron traballando para conseguir rematar de rozar todas as parroquias o antes posible. De feito, cos traballos realizados a finais de xullo en Boqueixón, Lestedo e Pousada, tan só restará a parroquia de Vigo, que se acometerá durante a primeira quincena de agosto, para rematar a campaña especial de roza.

Deste xeito, o concello consegue un dobre obxectivo. Por unha banda, mellorar a seguridade da veciñanza, ao rozar as pistas municipais e favorecer a mobilidade tanto de peóns como de condutores, e previr lumes forestais. Por outra, poñer en valor o noso patrimonio cultural e natural para o seu desfrute no verán.



## CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
29 xul	04 ago	Vigo	Campo da festa
05 ago	11 ago	Loureda	Campo da festa
12 ago	18 ago	Gastrar	Campo da festa
19 ago	25 ago	Boqueixón	Campo da festa
26 ago	01 sept	Codeso-Donas	Campo da festa

## Festivos locais para 2025: San Vicente e Ascensión

O Concello de Boqueixón vén de aprobar os festivos locais para o vindeiro ano 2025. Serán o 22 de xaneiro (San Vicente) e o 29 de maio (Ascensión).

## Aberta a inscrición na escola deportiva de fútbol

As escolas deportivas Vedra-Boqueixón de fútbol abren o prazo de inscrición para a temporada 2024-2025. Ofértanse as categorías: biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil. Inscricións en [www.escolasdeportivas-vedra.org](http://www.escolasdeportivas-vedra.org).

## Campaña de doazón de sangue o 9 de agosto en Lestedo

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue estará o venres 9 de agosto, de 15:45 a 21:00 horas, diante da sucursal de Abanca en Lestedo. Nestes momentos, hai especial necesidade de doazóns de sangue tipo A+, A- e O-.

Para doar só é preciso presentar o DNI, ter máis de 18 anos, pesar máis de 50 kg e agardar 2 horas despois do xantar.

# Mellora da recollida de pluviais e dos accesos á aldea de Pazos

O Concello de Boqueixón está a acometer as obras de mellora na aldea de Pazos (Lestedo). Uns traballos que inclúen a canalización das augas pluviais e a mellora da capa de rodaxe dun dos viarios de acceso a esta aldea dende a DP-1202.

Deste xeito, procedeu-se en primeiro lugar á demolición do pavimento existente para proceder á canalización das augas pluviais mediante a instalación de 205 metros de tubaxe. Así mesmo, instalaranse catro pozos de rexistro, seis arquetas con sumidoiro e unha arqueta con reixa.



As obras supoñen unha inversión de máis de 50.000 euros

Posteriormente repara-se a capa de rodaxe dos 600 metros da estrada de acceso a Pazos dende a

DP-1202. A mellora acometerase con 5 centímetros de grava e outros 15 centímetros de formigón.

# O Concello mellorará en breve a entrada ao lugar de Loureda

O Concello de Boqueixón vai investir 68.906,12 euros nas obras de mellora dos accesos ao lugar de Loureda. O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, asistiu ao acto de replanteo dos traballos, que serán executados pola empresa Obras y Viales de Galicia SL.

Rodeiro Tato explica que os accesos “contarán cunha zona formigonada de 480 metros cadrados, así como unha cuneta formigonada de 205 metros, con recollida de augas pluviais. Ademais, mello-



Os traballos contan cun orzamento duns 70.000 euros e comezarán en breve

remos con tratamento asfáltico a pista de acceso”. A maiores, acomete-

rase a limpeza de gabias e salvagabias e colocaranse tres sinais de Stop.

# O Concello insta a Correos a manter manter o servizo no verán

O Concello vén de solicitarlle á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos e ao Ministerio de Facenda e Función Pública que doten do persoal suficiente para manter a normalidade na prestación do servizo no municipio durante o verán. Dende o Concello estiman que o número necesario de carteir@s é 3, que son os que distribúen a correspondencia entre as distintas parroquias durante o resto do ano.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, lamenta que “nos últimos anos o servizo de Correos no noso concello vén rexistrando diversas queixas por parte da veciñanza, onde as cartas non chegan ou tardan moito en chegar. Ademais, durante o período estival sufrimos unha merma no número de carteiros, o que afecta sensiblemente á calidade dun servizo xa deficiente”.



O Concello insta tamén a Correos a mellorar o servizo durante o ano

Durante o mes de xullo, o persoal redúcese a 2 carteiros e está previsto que no mes de agosto todo o traballo de reparto e oficina sexa levado a cabo por unha única persoa. “A prestación do servizo en condicións de precariedade repercutirá negativamente nos tempos de reparto e quedará correspondencia sen repartir ata o mes de setembro”, advirte Rodeiro Tato, quen

indica que durante o resto do ano “hai recibos de impostos que tampouco chegan aos destinatarios ou tardan moito en facelo, cos conseguintes prexuízos para os contribuíntes”.

Para facilitar o traballo, o Concello desenvolve un proxecto de numeración dixital que permitirá aos carteiros chegar con exactitude a calquera domicilio grazas a que todos estarán xeoreferenciados.



## Charla sobre regularización de persoas migrantes

A asociación Arrianas, en colaboración co Concello de Boqueixón e a Deputación da Coruña, organiza unha charla sobre procesos de regularización e as modificacións xurdidas no regulamento de estranxeiría. Unha iniciativa dirixida especialmente a persoas migrantes e que terá lugar no salón de plenos o martes 13 de agosto, de 12:00 a 14:00 horas. Inscricións no 981 513 106.



## Ruta en catamarán e cata de viños, na saída de Boqueixón en Ruta

Medio cento de veciños e veciñas de Boqueixón viaxaron da man do Concello ás Rías Baixas, onde desfrutaron dunha cata de viños e un paseo pola ría de Arousa en catamarán. A próxima viaxe será a Fisterra e a Costa da Morte, o 21 de setembro.



## O Descenso do Ulla superou o centenar de participantes

Un cento de persoas participaron no tradicional Descenso do Ulla, integrada no programa “Correntes do Ulla”, que organizan conxuntamente os Concellos de Boqueixón e Vedra e que incluíu tamén escola de pesca, sendeirismo, voluntariado e paseo en bici.



### Sara Mosquera, medalla de prata na Copa Federación 2024

Sara Mosquera, patinadora do Club Squadra Boqueixón, gañou a medalla de prata na categoría cadete feminina da Copa Federación 2024, disputada en Noia. A súa compañeira de equipo Mara Feijo conseguiu tamén un meritorio cuarto posto na categoría infantil feminina.

## O Concello inicia a contratación da mellora da EDAR de Pousada

O Concello de Boqueixón está a licitar nestes momentos varias actuacións de mellora para o municipio. Unha delas é a contratación da mellora da depuradora de augas residuais de Pousada-Camporrapado, que dá servizo a unhas duascenas persoas e que non ten capacidade suficiente para tratar todas as augas residuais procedentes do polígono industrial, xa que conta con equipos que precisan ser reparados ou substituídos para garantir o seu correcto funcionamento.

### Rozadora e SAF

A maiores, o Concello tamén ten abertas outros procedementos como a adquisición dunha rozadora lateral profesional por máis de 33.000 euros, que permitirá seguir avanzando no plan de roza municipal.



A mellora da depuradora conta cun investimento de máis de 100.000 euros

Así mesmo, aínda está aberto o prazo de presentación de solicitudes para dous procedementos: o plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, con case 60.000 euros de investimento, e a mellora da prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), ao que se destinarán 1,79 mi-

llóns de euros para seguir promovendo a atención aos nosos maiores e favorecendo a súa permanencia nos seus fogares.

O Concello aumentará nun 10% a súa achega para mellorar tanto a atención ás persoas usuarias como ás profesionais que se encargan de prestar o servizo.



### Galiforest trouxo a máis de 9.500 persoas a Boqueixón

Galiforest Abanca reafirmouse como a maior feira forestal española ao bater o seu récord de afluencia: 9.612 visitantes, un 34% máis ca na edición anterior. Unhas cifras que converten a Sergude na capital peninsular do sector forestal.



### Severino Fernández Abel presenta o seu novo libro

O centro de interpretación do Pico Sacro quedou pequeno para acoller a presentación do libro "Tradicón oral recuperada das tebras. Son contos... ou Historia?", de Severino Fernández Abel e publicado por Medulia. O autor estivo acompañado polo alcalde, Ovidio Rodeiro; o secretario xeral da Lingua, Valentín García, e o escritor Amancio Liñares Giraut.

# Boqueixogo Corresponsable, ocio infantil durante a Feira de Lestedo

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha o pasado domingo 21 de xullo “Boqueixogo Corresponsable 2024”, un servizo que ofrece actividades de ocio e lecer para a rapazada durante a Feira de Lestedo, que ten lugar cada 1º e 3º domingo de cada mes dende hai máis de 150 anos. Trátase dunha iniciativa incluída no programa Plan Corresponsables 2024 para fomentar o desenvolvemento de actividades de conciliación da vida familiar e laboral. No caso concreto do Boqueixogo Corresponsable, o Concello busca facilitar tempos de descanso ás familias que realizan as súas compras no mercado ou que están traballando no mesmo.

A oferta incluírá xogos tradicionais (como a ra, a jenka, os bolos, xogos de mesa...) e algún que outro



As próximas citas terán lugar o 4 e 18 de agosto; e o 1 e 15 de setembro

taller como globoflexia en horario de 11:00 a 14:00 horas. O Boqueixogo desenvolverase paralelamente á Feira de Lestedo, polo que terá lugar o 4 e 18 de agosto, así como o 1 e 15 de setembro.

“Con esta iniciativa pretendemos que a rapazada do concello poida desfrutar

duns intreos lúdicos e divertidos en tanto que as súas familias traballan ou realizan outro tipo de tarefas”, apunta o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, quen destaca “a importante aposta que estamos facendo nos últimos meses pola conciliación no noso municipio”.



## O Pico Sacro acollerá unha nova edición das Noites Astronómicas

O Concello de Boqueixón, en colaboración co Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela, organiza unha nova edición das Noites Astronómicas. Unha iniciativa de participación gratuíta que terá lugar o martes 13 de agosto, ás 21:30 horas, no Pico Sacro. Inscripcións no 981 513 115.



## Recepción á rapazada dos voluntariados Xuvenil e Activo

O alcalde, Ovidio Rodeiro, recibiu na casa do concello aos mozos e mozas que participan nos programas de Voluntariado Xuvenil (de 16 a 30 anos) e Voluntariado Activo (de 15 a 16 anos). O primeiro deles colaboran nos programas de conciliación como o Verán Activo, mentres que o segundo supón un primeiro contacto co mundo do voluntariado.



## Mocidade de todo o mundo, no campo “Unindo Roteiros”

Catorce mozos e mozas, de entre 18 e 30 anos de idade e procedentes de toda España, México e Venezuela, participaron no campo de voluntariado “Unindo Roteiros”, promovido polos concellos de Vedra e Boqueixón en colaboración coa Xunta. Os alcaldes de ambos municipios acompañaron á directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, na súa visita.



## Festas en Codeso, Gastrar, Sergude e Sucira

O verán é tempo de festa e xullo congregou a milleiros de persoas en Codeso, Gastrar, Sergude e Sucira. O mes comezou coa décima edición do Son das Fervenzas, organizada pola Asociación Pena do Corvo de Codeso.

A romaría de San Bieito tomou o relevo, coas tradicionais procesións e misas, unha cantada polo Coro Piarroquial de Sergude. A música puxérona a orquestra Trébol, Disco Móvil Impacto, DJ Sonic e as bandas das Pontes

e Santa Cruz de Rivadulla.

Esta última fixo dobrete nas Festas na honra de Santa Mariña en Sucira, cada os grupos Alasca e Fussion Latina, os DJ Bruno e David Expósito e o grupo folclórico Son de Gaita (Sergude).

As Festas de Gastrar pecharon este mes festeiro coa música do trío Arte, Pena do Corvo, dúo Pachi Show e a Banda Cultural de Teo. Parabéns ás respectivas comisións organizadoras polo seu excelente traballo.



### Preto de 6.000 peregrinos pasaron xa por Boqueixón en 2024

Un grupo de 178 peregrinos da Fundación Educativa Escolapias, que reúne a mozos e mozas de colexios de Madrid, Barcelona, País Vasco, Córdoba e Valencia, aloxouse no pavillón municipal de Lestedo. Unha instalación na que xa se aloxaron o dobre de persoas que en todo o ano 2023. E é que, a día de hoxe, polo municipio xa teñen pasado case 6.000 peregrinos.



### Máis de 60 persoas na andaina polo Roteiro dos Pescadores

A decimo terceira edición do programa "Goza do Ulla" tivo unha gran acollida. Máis de 60 persoas percorreron o Roteiro dos Pescadores, un fermoso sendeiro pola beira do río Ulla ao seu paso por Ledesma, Sucira e Codeso que estaba incluído no plan de roza do Concello, polo que se atopa nas mellores condicións para o seu disfrute.



## As Olimpíadas chegan ao Verán Activo

Un total de 118 nenos e nenas participan no Verán Activo, un programa lúdico e educativo enmarcado no Plan Corresponsables que facilita a conciliación da vida persoal e laboral das familias nas vacacións escolares.

Este ano púxose en marcha o comedor, que dá servizo a 32 crianzas que, durante este mes de xullo, celebraron as súas propias Olimpíadas deportivas. Unha iniciativa na que o Concello conta coa colaboración do Voluntariado Xuvenil, que foron recibidos polo alcalde no concello.



## A mocidade desfruta dun campamento xuvenil en Alacante

Un total de 59 mozos e mozas, de entre 15 e 18 anos de idade, participaron nun campamento xuvenil en Alacante, organizado polos Concellos de Boqueixón e de Vedra. Unha viaxe na que visitaron o Oceanográfico de Valencia, Terra Mítica ou localidades como Altea, entre outras actividades de lecer.



## Os cursos de natación duplican o número de participantes

Máis de medio cento de nenos e nenas participaron durante este mes de xullo nos cursos de natación impartidos na piscina municipal de Boqueixón, nas modalidades de iniciación e perfeccionamento. Unha cifra que case duplica o número de participantes rexistrado no 2023.

# Boqueixón acolle a “Maleta viaxeira contra a violencia de xénero”

O Concello empregará esta ferramenta para promover actividades de concienciación

O Concello de Boqueixón disporá durante os tres próximos meses da “Maleta Viaxeira contra a Violencia de Xénero” (MAVI), unha iniciativa que ten como obxectivo fomentar a igualdade e concienciar sobre a necesidade de seguir avanzando na loita contra a violencia machista.

A maleta foi entregada pola subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, ao alcalde, Ovidio Rodeiro, quen estivo acompañada pola concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde Leis, e pola directora do Centro de Información á Muller, Cristina Carbajales. Rodeiro agradeceu a entrega de MAVI e indicou que “mañá mesmo imos levala ao Verán Activo, uns campamentos de verán nos que par-



Momento da recepción da Maleta viaxeira contra a violencia de xénero “MAVI”

ticipan 120 nenos e nenas e despois tamén o achegaremos aos centros educativos”.

Pola súa banda, María Rivas indicou que a implicación municipal nestas accións contribúen a construír dende o local unha sociedade máis igualitaria, xusta e

libre de violencias machistas. Neste sentido son 5 os obxectivos desta campaña: achegar á veciñanza a lectura sobre temas de feminismo, violencia sobre a muller, empoderamento ou autoestima, novela etc.; favorecer o pensamento crítico ante os roles e estereo-

tipos de xénero; favorecer a lectura como ferramenta para a igualdade; sensibilizar en materia de violencia de xénero; e favorecer a lectura de textos escritos por mulleres, de forma que a sociedade teña referentes femininos no ámbito da cultura.

A maleta contén un total de 14 títulos: cinco de lectura infantil e xuvenil (como “Hai algo máis aburrido que ser unha princesa rosa?”, de Raquel Días Regueira, ou “Contos para as boas noites para nenas rebeldes”, de Elena Favilli e Francesca Cavallo) e nove para persoas adultas (como “Mentiras para ser unha muller de verdade. Manual para principiantes”, de Rocío Salazar ou “Aqueles días en que éramos malas”, de Inma López Silva).

## AXENDA DO MES DE AGOSTO

Venres  
2

### Noite Velada

Campo do Río de Ponte Ledesma. 21:30 h.  
Actuacións dos grupos “Cantos da Terra”, “Muxicas da Silveira” e “Raeira”.  
Entrada libre.

Domingo  
4

### Batalla de Ponte Ledesma

Campo do Río de Ponte Ledesma. 20:00 h.  
Recreación da Batalla de Ponte Ledesma. Entrada libre e de balde.

Venres  
9

### Doazón de sangue

Lestedo (diante de Abanca).  
De 15:45 a 21:00 h.  
Máis información no 900 100 828.

Sábado  
10

### Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro

Ás 10, 12, 16 e 18 h. Inscricións: espeleoloxia@gmail.com

Martes  
13

### Conversa sobre procesos de regularización de persoas migrantes

Casa do Concello (O Forte).  
De 12:00 a 14:00 h.  
Inscricións no Concello ou no teléfono: 981 513 106.

Martes  
13

### Noites astronómicas

Pico Sacro, ás 21:30 h.  
Imparte: Observatorio Astronómico Ramón María Aller (USC). Inscricións no Dpto de Cultura (981 513 115).

Sábado  
24

### Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro

Ás 10, 12, 16 e 18 h. Inscricións: espeleoloxia@gmail.com

...e en setembro

Venres  
6

### Presentación da obra completa de Salvador Soutullo

Casa da Cultura de Camporrapado. 19:00 h.

Sábado  
7

### Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro

Ás 10, 12, 16 e 18 h. Inscricións: espeleoloxia@gmail.com

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com